

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

RESOLUCIÓN do 5 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral de Emprego, pola que se dispón a inscrición no rexistro e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo da Comisión Paritaria do VI Convenio colectivo autonómico para o sector de pompas fúnebres, polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2020.

Unha vez visto o acordo da Comisión Paritaria do VI Convenio colectivo autonómico para o sector de pompas fúnebres, polo que se aproban as táboas salariais para o ano 2020, subscrito entre a representación empresarial Agesef e Fegaserfu e as organizacións sindicais UGT Galicia e SN de CC.OO. de Galicia, na xuntanza do 24 de xaneiro de 2020, e de conformidade co disposto no artigo 90.2 e 3 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, a Secretaría Xeral de Emprego,

RESOLVE:

Primeiro. Ordenar o seu rexistro e depósito no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia (Rexcon).

Segundo. Dispor a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2020

Covadonga Toca Carús
Secretaria xeral de Emprego

Acta da Comisión Paritaria do VI Convenio colectivo autonómico para o sector de pompas fúnebres de Galicia

Santiago de Compostela, ás 11.00 horas do día 24 de xaneiro de 2020, na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, sito na rúa Algalia de Abaixo 24 baixo, reúnense as persoas sinaladas e que forman a Comisión Paritaria do VI Convenio colectivo autonómico para o sector de pompas fúnebres de Galicia.



– Representación empresarial

Por parte de Agesef:

José Luis Varela Tabarés

Pedro de Diego Olavarrieta

Por parte de Fegaserfu:

José Becerra Vázquez

Jorge Balado Blanco (representado por José Becerra Vázquez)

– Representación sindical

Por parte de UGT:

Óscar Souto Collazo

Miguel Ángel Soto García

Pablo Mosquera Rico

Serafín Álvarez Seoane

Montserrat Lamas Castro

Por parte de CC.OO.:

Juan Manuel Baliñas Touzón

O motivo da xuntanza é proceder á valoración e á análise da solicitude dirixida a esta comisión paritaria por Miguel Ángel Soto García, que actúa como membro desta comisión en representación de UGT, solicitude que se achega a esta acta.

Logo do oportuno debate e da exposición de posturas e pareceres por parte de todas e cada unha das representacións presentes, procede reflectir na acta o seguinte:

Primeiro. Nos puntos 1 e 2 achéganse as táboas salariais para o ano 2020.

Segundo. No punto 3 observarase o disposto neste convenio, atendendo ao artigo 19 do Real decreto 1561/1995, sobre as xornadas especiais de traballo.

Terceiro. Esta comisión acorda delegar en Ignacio Bouzada Gil, funcionario do Consello Galego de Relacións Laborais, a realización dos trámites pertinentes para o depósito, o rexistro e a publicación do contido da presente acta ante a autoridade laboral.

E non tendo máis asuntos que tratar, remata a reunión, sendo as 12.30 horas do día sinalado no encabezamento, expídese para o efecto a presente acta, que asinan todos os asistentes en proba de conformidade.





Táboas salariais 2020

Categorías	Soldo base ano anterior	Complem. toxicidade ano anterior	Incremento soldo base	Incremento compl. de toxicidade	Salarios							
					Salario base	Complem. toxicidade	Mensual (15 pagas)	Complem. toxicidade	Mensual (14 pagas)	Complem. toxicidade	Mensual (12 pagas)	Complem. toxicidade
Incremento ano 2020			1,30 %									
Xefe administrativo/a	22.700,75 €	110,20 €	295,11 €	1,43 €	22.995,86 €	111,63 €	1.533,06 €	7,44 €	1.642,56 €	7,97 €	1.916,32 €	9,30 €
Oficial/a 1ª administrativo/a	18.330,87 €	88,98 €	238,30 €	1,16 €	18.569,17 €	90,14 €	1.237,94 €	6,01 €	1.326,37 €	6,44 €	1.547,43 €	7,51 €
Oficial/a 2ª administrativo/a	17.276,67 €	83,86 €	224,60 €	1,09 €	17.501,27 €	84,95 €	1.166,75 €	5,66 €	1.250,09 €	6,07 €	1.458,44 €	7,08 €
Auxiliar administrativo/a	16.044,67 €	77,89 €	208,58 €	1,01 €	16.253,25 €	78,90 €	1.083,55 €	5,26 €	1.160,95 €	5,64 €	1.354,44 €	6,58 €
Funerario/a 1ª	18.330,87 €	88,98 €	238,30 €	1,16 €	18.569,17 €	90,14 €	1.237,94 €	6,01 €	1.326,37 €	6,44 €	1.547,43 €	7,51 €
Funerario/a 2ª	16.044,67 €	77,89 €	208,58 €	1,01 €	16.253,25 €	78,90 €	1.083,55 €	5,26 €	1.160,95 €	5,64 €	1.354,44 €	6,58 €
Funerario/a 3ª	14.921,54 €	72,43 €	193,98 €	0,94 €	15.115,52 €	73,37 €	1.007,70 €	4,89 €	1.079,68 €	5,24 €	1.259,63 €	6,11 €
Azafata/o 1ª	16.428,50 €	79,75 €	213,57 €	1,04 €	16.642,07 €	80,79 €	1.109,47 €	5,39 €	1.188,72 €	5,77 €	1.386,84 €	6,73 €
Azafata/o 2ª	16.044,67 €	77,89 €	208,58 €	1,01 €	16.253,25 €	78,90 €	1.083,55 €	5,26 €	1.160,95 €	5,64 €	1.354,44 €	6,58 €
Azafata/o 3ª	14.921,54 €	72,43 €	193,98 €	0,94 €	15.115,52 €	73,37 €	1.007,70 €	4,89 €	1.079,68 €	5,24 €	1.259,63 €	6,11 €
Mantemento e limpeza	14.921,54 €	72,43 €	193,98 €	0,94 €	15.115,52 €	73,37 €	1.007,70 €	4,89 €	1.079,68 €	5,24 €	1.259,63 €	6,11 €
Ordenanza/vixilante	14.921,54 €	72,43 €	193,98 €	0,94 €	15.115,52 €	73,37 €	1.007,70 €	4,89 €	1.079,68 €	5,24 €	1.259,63 €	6,11 €
Calzado	131,86 €	1,71 €	133,57 €									

